



A novela de Lois Diéguez é froito dun traballo amplo e moi meditado

Premio «Blanco Amor» de novela 1986

## «A canción do vagamundo», de Lois Diéguez, complexa e densa saga dunha familia galega

Xosé Fernández Ferreiro

**L**ois Diéguez (Monforte, 1944) deuse a coñecer como poeta en 1966 co libro «Albre da esperanza». Logo publicaría dous mais: «Cancións para un agromar branco e azul» (1968) e «O ferro dos días» (1982). Como narrador é autor de «A torre de Babel» (1968), «O tempo sen saída» (1972) e «Galou Z-28» (1976). O pasado ano, con «A canción do vagamundo», conquistou o premio «Blanco Amor» de novela, o mais importante galardón literario que temos hoxe en Galicia.

«A canción do vagamundo» (Sotelo Blanco Ediciones, 1986) é a historia dunha familia galega, mais concretamente luguesa, os Nogueira, e abrangue un período de cerca de oitenta anos, a través do ciclo vital clásico: aldea-vila-cidade. Ou sexa, Santiorxo, Monsfort (Monforte) e Lugh (Lugo). O fio conductor da saga, o espiñazo da narración, é mamai Otilia (nada en 1907), personaxe moi ben trazado, símbolo do matriarcado da sociedade galega, especialmente a rural, onde a nai, a avoa, son o núcleo central da vida familiar. E mamai Otilia, con mais ou menos protagonismo, mais ou menos visible no relato, está sempre presente nel co seu corpo delgado, cos seus achaques, cos seus dentes postizos, coas súas enrugadas, coas súas alegrías ou coas súas penas. Tamén coas súas teimas e as súas lembranzas do pasado, a quen a cidade —na que agora vive— lle da medo, porque o seu medio natural, propio, é a aldea, a xente da aldea, a vida da aldea. Santiorxo: o seu mundo. O seu paraíso perdido.

Na novela hai moitos outros personaxes, pero o trío fundamental fórmano mamai Otilia, o seu fillo Pedro, e o tío Leandro. Os tres, por outra parte, serán protagonistas —ou vítimas— de curiosos e extraños sucesos. Outros nomes (fillos, netos e demais parentes de mamai Otilia): o

papai Delmiro, home duro, zapateiro, con quen Otilia casou na súa xuventude e a quen quizais nunca amou (moi ben logrado o momento no que intenta queimar os cartos que lle dan por unha partida de zapatos, aínda sendo a miseria moita no seo familiar), María Xosé, Oliva, Xoán Lisardo, Milucha, Esther, Cristina, Natalia, Jordi, Reinaldo, o Manteigas, sogro de Pedro, a Chuchona —amiga dos homes, lercha, ser incómodo— e o neto Roi, fillo de Pedro e de Cristina, neto pois logo de mamai Otilia, quen á súa nai lle chama «mami» (mamai e «mami», son palabras que marcan e definen as distancias xenacionais da familia Nogueira).

Os sucesos que implican ós tres principais personaxes, dos que se ocupan os xornais, son: o rumor que corre despois do enterro de papai Delmiro de que do panteón decorren unhas pingas de sangue. As malas linguas din que o home foi asesinado por mamai Otilia. Aínda mais: que o enterrou vivo. Isto escandaliza ós veciños dos Nogueira e tamén ós propios Nogueira. Pedro protesta á dirección do xornal que publica a noticia de maneira airada. O xornal publica logo outra nota titulada: «Los Nogueira y la violencia», onde se acusa a Pedro, «conocido librero de esta ciudad». A cousa é de abondo extraña. ¿Que pensa mamai Otilia, presente, pero no fondo do cuadro? ¿Que hai de verdade en todo isto? Ó final da novela semella desvelarse o misterio: foi a Chuchona quen inventou o conto para vingarse dos Nogueira e, sobre todo, da mamai Otilia.

No segundo suceso vese implicado directamente Pedro, home de inquietas políticas —¿é un nacionalista como é o propio Lois Diéguez?—, que está separado da súa muller, Cristina. Teñen un fillo —Roi— a quen a muller, con quen vive, no llo deixa ver as veces que el desexa. Un

día vai á finca do sogro —o odioso Manteigas—, onde o neno pasa días, e escapa con el. Outro escándalo. Outra noticia sensacionalista na prensa: «Un comerciante muy conocido de nuestra ciudad rapta a su hijo que pasaba el fin de semana con sus abuelos». Todo isto vai marcando á familia, dándolle un perfil especial, de xente rara, teimuda. O terceiro dos sucesos é o mais espectacular e tamén o mais cómico. O tío Leandro, home entre coñon e místico, vestido de cura para dicir a misa, pásase polas rúas de Monforte pidíndolle á xente que rece o rosario para «correxir o desenfreno da sociedade». A cousa motiva enfrontamentos. Interven a policía. O tío Leandro refúxiase nunha igrexa e dirixese ó altar da Virxe de Fátima para lle rogar polos homes. Entón —según a noticia do periódico— as cinco palomas de madeira ou de pedra que a imaxe ten ós pes, botan a voar, o que a xente toma como milagre. Ó relatar este suceso, o xornal recorda os demais nos que a familia se viu implicada. Hai, pois coma unha campaña contra os Nogueira. ¿Ou a cousa é así porque así ten que ser, porque así son os Nogueira, marcados pola propia forza do sangue ou polo destino?

A novela estruturábase en 48 capítulos e en catrocentas páxinas. Neses apartados, nese espazo, o relato vai e vén, tréznase entre si o complexo entramado narrativo, minucioso e lento. O capítulo 12 ten cinco apartados. Nel —neles— describese unha cea de Noiteboa a que asiste toda a familia, mentres mamai Otilia bebe sidra e remove a dentamía postiza coa lingua. Notable cuadro o que aquí se relata. Son tamén moi interesantes —e fermosos— os capítulos, xa cerca do final da novela, que relatan a viaxe que mamai Otilia fai á súa aldea: Santiorxo, onde se atopa co escenario da súa xuventude. Alí naquela vella

casa sofriu, soñou, amou. Aquel é o seu verdadeiro mundo. O seu paraíso perdido. Alí están as xentes que coñeceu sempre e que a reciben con gran alegría, sobresaíndo a Remedios dos Milagres, muller bastante ida, a quen lle morreu unha filla, pero ela ten unha moneca na cama —para ela é a filla— a que lle leva cuncas de leite. Isto recórdanos a película «Psicosis» —a de Alfred Hitchcock— onde se relata algo semellante, se ben na película é o fillo o que «conserva» á nai. Na novela de L. Diéguez é a nai a que «conserva» ou «garda» á filla.

No espazo narrativo, moi denso, recóllense tamén mil sucedidos marxinais. Desde as fames e os «paseos» dos anos da guerra, ás folgas da actualidade, e ás represións da policía. Relátase incluso a chegada dos restos de Castelao a Santiago, coas protestas do Bloque e coas cargas das forzas de seguridade. E ó final, Pedro, bota toda a súa rabia fóra pegándolle catro tiros o seu sogro, o rico e poderoso Manteigas, no Círculo das Artes de Lugh (Lugo). O Manteigas, escuro personaxe que caciquea cidade adiante e fai grandes negocios, non moi honestos, coa venda dun hotel. Claro que iso —o asesinato— non o chega a facer Pedro, home namorado e imaxinativo. Só o pensa. Pero, en todo caso, sería algo que lle gustaría facer, para se vengar do poder, dos xuíces, dos xornalistas...

A novela de Lois Diéguez é interesante, notable. Froito dun traballo amplo e moi meditado. Ten acertos técnicos inegables e o seu discurso narrativo está ben artellado e medido, pero eu penso que é excesivamente lento, quizais reiterativo. Por iso se fai un pouco pesado, cando non confuso. Unha poda ou un desbroce daríanlle mais axilidade e por iso mesmo farían mais doada a súa lectura.